



Publicada a resolución definitiva do concurso de traslados de mestres/as de Primaria e Infantil

Adxudicacións por especialidade

Logo dun estudo rápido da adxudicación pódese concluír que en todas as especialidades se coloca profesorado en prácticas, reducindo aínda máis a provisionalidade, agora xa en todas as especialidades. Estes son os datos máis salientábeis da adxudicación por especialidades:

Destaca o alto número de prazas de PT e AL adxudicadas, froito do traballo desenvolvido pola CIG-Ensino nos dous últimos cursos a partir dun estudo pormenorizado, centro a centro, para detectar aquelas prazas que reiteradamente se cubrían con profesorado provisional.

Adxudicación do CXT de Primaria	
Especialidade	Número de prazas por especialidade
Sociais ESO (21)	1
Infantil (31)	322
Inglés (32)	123
Francés (33)	54
Educación Física (34)	120
Música (35)	66
Pedagogía Terapéutica (36)	109
P. T. na ESO (60)	36
Audición e Linguaxe (37)	153
Educación Primaria (38)	519
Entran en Galiza	13
Saen de Galiza	36
Total prazas adxudicadas en Galiza	1468

Prazas Itinerantes

Adxudicáronse un total de 154 prazas itinerantes, das que 141 son de PT e AL en centros de Infantil e Primaria, 6 de PT en IES e 7 doutras especialidades en CRA. Isto supón que son itinerantes un 10% das prazas adxudicadas, todas elas de carácter voluntario, como defendeu a CIG-Ensino.

A incorporación das maioría das prazas de PT e AL itinerantes foi tamén froito da demanda da CIG-Ensino dunha mellor atención á diversidade coa conversión en definitivos de postos provisionais. Sen embargo estas prazas, desde o punto de vista do sindicato, non deberían ter carácter itinerante, xa que na inmensa maioría dos casos detectados teñen suficiente necesidades que atender no centro de adxudicación. Desde o sindicato vixiaremos que non se produzan itinerancias cando iso implique desatender as necesidades do centro adxudicado e demandaremos que se estendan as prazas definitivas de PT e AL a moitos outros centros que quedaron fóra desta ampliación.